

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Precios de Suscripción

Rúa Real, 36 - 1.º

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

A CRUÑA

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Febreiro do 1928



Núm. 245

## AO DECORREL-OS DIAS

A nosa nota do derradeiro número encol da Exposición do libro galego motivou que n'algúns xornás e por diferentes prumas expuxéranse opinións encol do asunto. Aledounos que así fose porque demostra como A NOSA TERRA conta con unha sona ben cimentada e as suas opinións pesan en quens preocupáanse do actual intresantísimo momento galego. N'outro lugar d'este mesmo número ampriamos estas verbas cinguindonos mais ao asunto e n'ista páxina intréanos dicir contestando a algúns, que si ben ainda a nosa literatura non está á outura d'outras nin tampouco á que lle corresponde, o certo é que vai progresivamente camiño de chegar ao estado que lle compre. Abonda voltar os ollos a cinco anos atrais e ollárase decontado o progreso verificado.

Progreso no número de libros e, o que mais importa, no seu valor. Hoxe, ademais, temos incorporado xa de cheo á nosa literatura en galego nomes de literatos de xusta sona e de elevadísima cultura que están xa producindo na lingua nosa. Por eso pódese asegurar xa firmemente que a cousa camiña de xeito admirabile. O que compre é recomendar aos ansiosos un pouquiño mais de calma e agardar, agardar contribuindo, que as obras boas, as obras grandes, irán saindo. Nós sabemos xa que véñense preparando algunhas que causarán admiración. Agardemos e ollárase como dentro de pouco a nosa literatura en extensión e valía será verdadeiramente formidabile. Insistimos; agardar e contribuir producindo e lendo o que se produce.

★  
 As Cartas dos irmáns de Bós Aires que veñen ateigadas de entusiasmo e patriotismo fálanos do éxito ruidoso da Semán Galega aló celebrada. Aíto que espertaron na intelectualidade arxentina e nas autoridades d'aló, ademais da colonia galega, unha preocupación e adhesión grandes, tan grandes que motivaron, o que queremos resaltar aquí, que o Concello municipal tomara o acordo *en homenaje a Galicia y a su lírica insuperable Rosalía Castro* de poñer o nome da nosa Santiña a unha rúa de Bós Aires. Vede aquí un homenaxe grandioso á Galicia que nos chega á alma. Un homenaxe d'unhas autoridades extranxeiras que reconecen canto é e representa a nosa Patria e fatalmente contrasta co'a opinión de moitos hespañoles ao xeito do Martínez Vargas de quen xa falamos.

Interésanos resaltar o feito pol-o moito honrosísimo que significa, corresponder co noso agradecimento que de xeito material xa o fixeron no noso nome os nosos irmáns d'aló e a istos que de xeito tan formidabre traballan altisimamente pol-a cultura e dinificación galegas, enviarlles unha vegada mais a nosa alma xemea prena de fervoroso aprauso pol-a inmensa laboura patriótica que realizan.

★  
 Bonome volta a trunfar en Madrí como xa él mesmo trunfara outras vegadas e Castro Xil, Sotomayor, Castelao e outros artistas galegos. «El Heraldo» prepara unha exposición xeneral de arte galego que anticipadamente aseguramos será un éxito e unha revelación. Agora ben: nós pensamos que exposicións hai tamén que as levar a outros pobos e non pensar sempre somentes no estreito círculo madrileño. Hai que pensar en ir tamén a Barcelona, París, Londres, Lisboa e outras capitaes europeas ademais de América. Percisamos n'esta hora de renome galego aproveitala e difundir a nosa arte e a nosa cultura por todo o mundo pensando de xeito mais ampro do que se veu pensando hasta agora. Aos nosos artistas vai dirixida esta recomendación que coidamos é dina de se ter en conta.

---

VOSTEDE NON PODE IÑORAR O NOSO PASADO, LEA A

## **Historia Sintética de Galicia**

POR RAMÓN VILLAR PONTE

QUE ACABA DE EDITAR NÓS

## ARREDOR DE PASTOR DÍAZ E DO ESTILO CONSERVADOR

Non fai moito que a Academia Española propuxo pr'ó Premio Maura un tema cuio soilo enunciado fai decrebar a coôr: a Oratoria castelán na España do sigro dazanove. Con O grande e con toda'as ponlas (política, forense, académica, relixiosa, militar) que contan os preceutistas no arbre da Retórica. Quen s'adique a tal traballo terá precisión despois de rematalo, d'unha tempadiña na praia alentando no aer salgado, de un baño de libros novos ou d'unha viaxata pol-as literaturas antigas e sempre novas pois gardan na sua frouma unha lentura de torrón do espírito. Quizáis pol-o medo ô Diario de Sesiós e a poeira de deserto dos discursos imprentados, inda non tén xurdido a hestoria dos Partidos polítecos. Moita mocidade, moita paixón, abondo de ideas se poden escolmar entre tanto discurso morto, privado de xesto e de voz e as mais vegadas cativas de i-alma. Pol'o menos pra nós, os de hoxe. Pode que decorrendo o tempo adquiren o hourizonte hestórico preciso pra que volvan a ser ouvidas as voces que falan respondendo á unha arela superior á moda da época, á vaidade ou á necesidade retórica do istante. Pois houbo tempo, paralelo ô da ópera italiana, que se non consideraba home de letras a quen non sabía dicir un discurso e sobre todo á quen non era home pra improvisar. Zorrilla pasou por moitos apuros diante aquela unanimidade con que os púbricos, as donas e as xuntas directivas, lle pedían versos a cada momento. Inda me lembro do tempo en que se criticaba a un arqueólogo e erudito de positivo rendimento porque non sabía falar, e coidábase noxento un traballo lido n'unha reunión púbrica. Os oradores non tiñan toda a culpa dos seus escesos e por outra parte dispuxeron o terreo pr'o espallamento do libro e do ensaio. Inda hai xente que nos artigos do

xornal e nos capídoos do libro procura unha marcha oratoria.

Moitas vegadas pénsase o pouco que deixaron de ideas e direuceós os polítecos hespañoles do sigro derradeiro. E de fixo tiveron moito que dicir pois atopáronse n'unha época úñeca diante un pasado que se esborrallaba e c'os elementos d'un presente e d'un futuro nas maus. Non é xusto condenálos en masa; houbo homes de fina sensibilidade, de boa información europea, de forte cultura. O noxento é ter que procuralos na poeira da oratoria morta, na cláusula ponderada que fai o báu-báu do principio ô remate do discurso ou no folión lírico ou apocalíptico. Os homes do partido moderado e conservador carauterizáronse por unha retórica particular, na que os pensamentos se disolven amodiño n'unha sintaxis escura non pol'a novidade das verbas ou a feitura artística da frase sinon pol'o abuso de certas eispresións tópecas e mortas, do acugulamento de verbas usadas, sin zume, xunguidas pol-a vaguedade dos relativos. Coido que un dos poucos que souperon millor ceibarse d'ista maneira do tempo e das escolas foi o noso gran románteco Pastor Díaz.

Románteco de formación crásca superior á dos que s'adican sistemáticamente á combater ôs vellos. Tamén Chateaubriand e Lamartine sabían ben o latín e os líricos ingleses mais alonxados do mundo das formas, como Shelley, sabían o grego. Non é pol'o momento o noso tema. Somentes teimamos chamar a atenceón sobre a vida que conteñen os discursos e as leuceós de Pastor Díaz. Compárese por ex. con Cánovas, home de forte preparación literaria, hestórica e filosófica. As leucións encól dos «Problemas del Socialismo» expriçadas na cátedra do Ateneo vello (a «Holanda Española») no curso do 1848 ô 49, están cheas de intrés, de unha

verdadeira elocuencia que por tras da letra de imprenta fai maxiñar a figura malencónica e o xesto apaixonado e fatal do bardo do Landrove. Dín que chegando á tribuna cobría a fronte c'o brazo e demorábase un instante calado e tremante espallando pola sala a súa paixón. N'il a oratoria foi sentida e vivida. Por certo que nas ditas leucíos hai unha intresante profecía dina de un comentario longo qu'eiquí non podemos facer. N'un voar sobre o mapa da Europa dí que os rusos, qu'il considera asiáticos, virán a o Oucidente pra establecer o comunismo democrata. ¡Que fermosa páxina podería esquirbir encol d'isto o noso admirado Vilar Ponte! En troques Cánovas no gabancioso prólogo que lle puxo no 1867 afirma que o socialismo era un medo pasado.

Asegún o xeito do tempo o estilo oratorio esténdese a outras formas da prosa. N'elas loce Pastor Díaz c'unha forza úneca quizáis no seu tempo. Os grandes frescos históricos que traza no libro «Italia y Roma» non s'atopou hastra as leucíos de castelán «De la civilización en los cinco primeros siglos del cristianismo». Chega á grandeza de Chateaubriand e de Agustín Thierry. Remataremos istas liñas lembrando que Pastor Díaz foi dono da arte de esquirbir biografías (o Duque de Rivas, Cabrera, D. Diego León) do qu'estamos tan precisados hoxe na Galiza. ¿Cando teremos nas nosas letras un Ponzal pol-o estilo do «Shelley» de A. Maurois, unha «Rosalía» un «Vicetto» un «Añón»?

RAMON OTERO PEDRAYO.

## O FOGO

O Fogo é o eterno compañeiro do home que fai d'el a súa vida, a súa vinganza e a súa morte. Sempre teve adoradores e admiradores, e aínda que Prometeo non existise, él sempre existiu. Cando Numo fundou o colexio das Vestaes, xa desde esa época nos mostraba o valor que tiña e debía ter pra nós. Desde os primeiros tempos o home servese d'él, non sempre con bon fin. A verba fogo non pode decir mais: «focus», fogar.

O santo fogar onde baixo o tellado se cobixanas persoas que se queren, e recebese con agarimo a tudo aquilo que se quere agasallar.

O fogar é a metade da nosa vida, cando saímos d'él, aínda que sexa pra grandes cidades, a morriña acompáñanos a toda hora, e nunca se ten tranquilidade de espírito hastra que non se torna os lares onde se naceo, a disfrutar da vida de familia.

O quentor do lume, cabo da lareira, é onde sae a relucir tudo canto preocupa e diverte á nosa xente. Alí fálase da política, dos caciques, do precio a que andan todos os comestibles, dos derradeiros escándalos, e hastra de cando en vez, escoitase certo

contínho que fai preciso mandar fora buscar calquer cousa as nenas, pra que non-o escuten. O fogo que parece prestar atención, rise tamén. Os estalos da leña seca, e as labaradas que produz semellan gargalladas, e hastra, o escutar os contos e as críticas, ás veces, chisca un ollo pra quen lle parece, con certo aire de sospeitosa cazurrería.

O fogo acompaña o home no seu íntimo, sendo un bon e sinxelo compañeiro. Cando nas searas do inverno chove sen acougo esa chuvia miudiña mesturada con néboa, tan característica da nosa terra, e o vento bate na fiestra co seu barullo suave ou forte, o fogo parece acompañar os nosos pensamentos, despertándonos gratamente cando mergullados n'un sofá e nas saudades, ouvimos o lonxe o toque dos sinos que nos envolve como un misterio mais no medio do escuro.

É entón cando o home colle un pito e encende un misto, pra matar as saudades que parecen apretarlle na gorxa. O fogo, a luz, crea entón arredor de nós un mundo de feiticeiros coores que nos acarician e animan como bos amigos.

Un fachón de pallas aceso sérvelle o home

pr'alumear o camiño onde vai moitas veces con un maior fogo no peito: Maruxa, espérao impacente. Dentro d'il sinte un quentor de brasas que lle presta un fortísimo valor pra afrontar todo o que se lle presente de diante. Cando se sinte esta clás de fogo de amor, non ha nada que amedrente a psicoloxía de homes preocupados pol-o misterio; as forzas físicas multiplícanse e parece que Deus adica unha especial proteución pra todo aquil que no peito ten encendido un fogo de tal natureza, abríndolle os camiños que sempre se lle parecen limpos d'espíños e contrariedades. ¿Quén non sentíu algunha vez ise fogo de ir ó encontro do ben amado?... Cando duas almas se funden e purifican por medio do fogo do amor, identificándose hastra facer de duas, unha, non ha nada que as separe. Dín que os lobos fuxen do lume. ¿Que lobos nin homes poden meter medo e non fuxir de diante d'un mozo, que vae acompañado d'eses dous fogos?

O fogo é moitas vegadas un procedimento

de vinganza: as casas dos noxentos pequenos tiranos d'aldeia, os palleiros d'os intrigantes e hastra o pazo do mal fidalgo, tein sufrido a proba purificadora do fogo. Eu, que estimo o fogo como algo sagrado, que o amo hastra nas suas mais miudas representacións, considero un tremendo sacrilexio o servirse de tal verba pra mandar fusilar un semellante. Esa palabra debía ser trocada por ¡descarguen! más nunca ¡fogo! qu'encerra unha das millores e meirandes lembranzas da nosa existencia. Servirse de unha palabra que enche por completo a nosa vida pra sacarlle ós outros, non é xusto.

I-é así: que aínda despois de morrer, a luz do fogo fatuo está lá, derriba de nós, servéndonos de compañía, bulindo e acariñando a terra en mil formas, como un testemuño inmorredoiro da eterna vitalidade do espirito.

CORONA GONZÁLEZ.

Londres, Decembro 927.

## SEDE DE AMOR

Eu teño unha sede de amor infinida,  
sede malfadada que morrer me fai,  
remedio pra ela, miña dona, dai  
se non qués que fique sen alento e vida.

Esta miña arela, meu amor, contida,  
a soñar de cote co meu ben me trai;  
non fuxas, amada, a ti m'achegai  
e daime o recendo da tua frol belida.

Cos teus garimosos, meus brazos apreixa  
e gostar o nectar dos teus beizos deixa  
pra social-a sede d'iste ardente amore.

Non de min te arredes, olla as miñas bágoas  
e ten piedade, muller, d'istas mágoas  
que me dan tromento con firente doore.

BEN-CHO-SHEY



## DOMINGO D'OUTONO

Longa gloria do outono na campá  
—Os camiños xa cánsos de carretos—  
Fártase baixo o sol do curto día  
Conselleiro dos vellos e dos netos.

Ferruxe mineral nos arboredos  
—Os camiños afondanse calados—  
É o grave pensamento dos roquedos  
Pol-as lapas do vrán ouricelados.

Surpresa dos lugares que s'achegan  
Saudándose c'os fumes familiares  
—Os camiños unha lembranza negan—  
E c'os rexos alcumes petruciales.

Quente a esperanza a hora da mañán  
—Cánso o camiño folga no soutelo—  
Recende com'un forno do bô pan  
E vístese o domingo de mantelo

Grosos paxaros son maduros froitos  
—A bošta nos camiños fai pranetas—

O melro unha romanza envolta en loitos,  
Os pardaus un enxame de saetas.

No souto cán as follas n'un bailado  
—Pra apanalas s'afonda a corredeira—  
Sempre no ar unha dúcia c'un murchado  
Estilo de muineira. Inmorredoira.

Cavilaceón das cumes no hourizonte  
—N'il pensan, arelantes, os camiños—  
Un batelar d'eirexes rube o monte,  
E fuxen augas novas dos muíños.

Pol-o poente galga a neboeira  
—Xa o saben os camiños, saudosos—  
E sin mancarse na Pena Corneira  
Acugulase en fondos bretemosos

Na follateira pinga miudino,  
O cánso día d'outono as nubes ripa  
—Escachouse un espello no camiño—  
Chove a rego. O Domingo fuma a pipa.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

## O tema da Exposición do Libro Galego

### COMENTARIOS QUE COIDAMOS PERCISO FACER

Xoan Xesús González dou resposta ás nosas liñas de comentario asinado en col da Exposición do Libro Galego. Com'o seu xuízo ven a coincidir c'o que nós espúñemos, sintímonos satisfeitos.

Chegar a unha bibliografía, o mais completa posibel, de canto respeito da Galiza se ten escribido en libros feitos por galegos, por casteláns e por xentes d'outros países, é cousa que a todos nos interesa. Pro isa bibliografía, mais que pol-o camiño pouco doado d'unha Exposición de obras de tal xeito, coidamos que podería conseguírese abrindo un certáme, c'un premio esporador dos eruditos capaces de levaren á feliz térmoo aquel traballo serio. E ninguén com'o Seminario d'Estudos Galegos para o organizare.

Unha vegada xa en posesión d'isa bibliografía, cecais fose o momento de pensar na Exposición do Libro sobre cousas galegas. ¿Non si?

Pol-o demais, agrádanos que xentes que cando lles convén—e isto xa non llo dicimos a Xoan Xesús González—néganlle autoridade a A NOSA TERRA para falar de xeito que poidera chamárselle oficial no terreo do galeguismo, con motivo do que dixemos encol da idea da Exposición do Libro Galego tomannos como oráculos e como os difinidores, por antonomasia, da ortodoxia do «enxebre». Compre que tomemos boa nota d'isto.

Correa Calderón, pol-a sua parte, deunos tamén a razón. Déronnola, asimade, varios membros de número da Real Academia Galega. Achámonos, pois, todos d'acordo.

Respeito ás disensións de que falaba ô comentar o noso artigo, Xoan Xesús González, hemos de lle dicire que non'as ollamos por ningures.

O galeguismo desque se orgaizou en xeito militante co'as «Irmandades da Fala», nunca deixou de tere unidade. E agora tena compretísima. Poderá habere difrentes criterios encol de cousas de literatura e arte. O que acontece onde queira. E qu'é natural que aconteza. Sin que ninguén seipa—porque iso a posteridade o dicirá—de que banda está a razón. Pro en cousas de política galega, no idearium no que afincámol-as bases da estruturación futura da nosa Terra, todos achámonos d'acordo. E o lamentábel é que algúns confunden a literatura e a arte, c'o demais. Sendo uns no cultivo da política da língua con todol-os corolarios que d'ela xurden, outra crás de diverxencias mais han ter de fecundos que de estériles. As arelas estéticas fican ao marxe de toda orgaización política. E bõ é que todos nos decatemos d'isto para que ninguén fale logo de disensións no seo do galeguismo, que non eisistiron nunca, e agora menos que nunca.

Este número foi revisado pol-a censura



## ENCOL DA MÚSICA GALEGA

## A obra da Sociedade d'Arte "Pondal"

Non hai cousa que mais afine a sensibilidade humana qu'a cultura artística, e xa se sabe que toda obra d'arte pura é o reflexo de sensacións percibidas por unha persoa determinada que, ó seren eispresadas, producen en nosoutros idéntica emoción, despertando afinidades afectivas qu'endexamais sentíramos; poderíase por isto dicir, e demostrar con feitos, que, a música, a poesía, e total-as outras artes, desempeñan no progreso material e político dos pobos, as mais importantes funcións contribuindo d'un modo persuasivo, a xunguir os esforzos isolados, as vontades arredadas, os espíritos sin acougo; docificando os enconos, curando as mágoas; consolando ao pobre, aledando ao triste, irmanando á todos n'un mutuo sentimento de solidariedade fraternal.

No despertar integral de Cataluña, ningunha obra tan eficaz com'a dos Coros Clavé e a do Orfeó Catalá, esa mañífica institución musical a quen poñía, como exemplo do mundo enteiro, o famoso compositor Ricardo Strauss, no seu «Tratado d'instrumentación», proseguiemento do tan coñecido de Berlioz; pero o mérito consiste en qu'os músicos catalás souperon sentir as inquedades da alma do seu pobo, e dempois de sentilas ben fundamentes souperon eispresalas do modo mais típico e popular, armonizándoas pr'ô xeito da **cobla** até o momento en que pequenos e grandes, novos e vellos, sentiron esa emoción colectiva inigualabel de irmandade patriótica, e chegou o día en que cada canción foi un himno de rexurdimiento e liberdade, sin poderse sabere si o autor fora un músico ou si a música xurdira do mesmo pobo.

Pero é qu'a par d'iso a intelectualidade colaboraba con entusiasmo e agarimo, e os mesmos compositores deixaban de lado seu egoísmo particular contribuindo á produción cultural, e eisí producíase o «Contrapas

largo», danza esquecida mais d'un século, e estudábase a música medieval, e analizábase o «Cancioneiro popular e a arte coral». Craro está que a isto contribueu o ter un centro social tan importante como Barcelona, pero o factor decisivo, fora de dúbida, foi esa correspondencia íntima espritoal entr'o sentimento enxebre, os ocultos latexos da alma do pobo, e a obra dos seus artistas, poetas, músicos, literatos, pintores, todos, irmanados n'unha mesma arela patriótica.

Por iso a obra dos nosos músicos falla de categoría. Nin Chané, nin Veiga, nin Baldomir, nin os mesmos Adalid e Montes, fixeron outra cousa que traducir alleas ideas melódicas ó galego; ficaron como fican sempre todol-os artistas que non profundan na sentimentalidade do pobo, apenas na superficie de tantas grandes posibilidades, para eles completamente iñoradas. Ó frente dos Orfeóns e individualmentes, nin siquera esa obra d'análise, d'estudo, e de reconstrucción folklórica, que, aínda agora, realizan os Coros galegos, sin método, sin publicidades, dentro d'un egoísmo cego, sin comprender a verdadeira e outa importancia que ten pra o desenrolo da nosa arte musical e coreográfica no porvir. Os músicos galegos non chegaron tan siquer a presentir as afinidades melódicas e rítmicas da nosa música coa portuguesa miñota, bretona ou irlandesa, e por falla de cultura buscaron as ideas mais pobres e mais desemeillantes do noso módulo, en Chapí ou Verdi, no soio afán de seren compositores.

O artista é un ser sumamente sensíbel, pero precisa d'esa comunión espritoal depende n'un grado moi grande da obra de selección cultural que practican de coté as minorías escolleitas de todol-os pobos, n'un traballo aceso de cernideiras d'arelas confusas e ancestraes determinismos psicolóxicos, n'unha constante e sempre renovada labor

d'interpretación. Por iso se non pode concebir a obra dos grandes xenios da humanidade fora d'ese meio e sin ese ambiente propiciatorio, e por iso, en troques do que pensa Xesús Bal encol do «Boceto para un ballet gallego», d'un músico d'afora, nós temos qu'elaborar o noso propio ambiente cultural, dentro das nosas mais enxebres cualidades, respondendo ás nosas mais profundas arelas espritoaes, que ninguén mais que nós mesmos poderá prenamente sentir e eisprestar endexamáis si non é d'un xeito descriptivo e anecdótico.

A **Sociedade d'Arte "Pondal"**, na infima parte que lles corresponde aos galegos emigrados á República Arxentina, aspira a criar ese ambiente artístico propiciatorio de toda obra trascendente, e fora de toda crás de prexuízos ideolóxicos, na mais ampla liberdade de criterio persoal, invita a todol-os intelectuaes galegos e a todol-os homes amantes do progreso cultural de Galiza á colaborar na sua obra de irmandade galeguista e de rexurdimiento artístico.

LINO PÉREZ

## A SEMÁN GALEGA DE BÓS AIRES

*A prensa chegada de Bós Aires n'estes días pubrica extensas informacións dos aitos celebrados na capital da Arxentina con motivo da Semán Galega que en honor e lembranza do mariscal Pardo de Cela celebraron as entidades galegas nos derradeiros de Nadal.*

*Xa os nosos lectores conocen o programa dos aitos a celebrar por térmolo publicado no número denantederradeiro. Foi cumprido con toda exaititude despertando enorme entusiasmo nos galegos emigrados e atención e intrés nos natuaes do país e autoridades da capital do Plata, algunhas das cales aderironse aos aitos, antr'elas a Municipalidade que tomou o acordo intresante de dar o nome de Rosalía de Castro a unha rúa de Bós Aires. As conferencias de Blanco Amor, Alcántara, Suárez Picallo e demais galeguistas encol de diversos temas como a Historia de Pardo de Cela, Vicente Risco e a filosofía galega, Pondal, Nacionalismo galego e outros provocaron momentos de verdadeiro e excitado patriotismo nos nosos conterrúneos e foron de gran eficacia para a propaganda do Ideal galeguista.*

*Con todo intrés leímos as reseñas dos xornaes nas que ollamos unha vegada mais como traballan e pensan na Terra os nosos queridos irmáns de Bós Aires merescentes de todol-os aprausos e cariños pol-o seu fervoroso e ben sentido patriotismo.*

*Todal-as conferencias pronunciadas van ser recollidas pol-os nosos irmáns da outra banda n'un xeitoso folleto que faremos chegar aos nosos lëtores si non hai quen a elo se opoña.*

SUSCRÍBASE a "NÓS" e UN ANO, 6 PESETAS  
"A NOSA TERRA"

# FOLLAS NOVAS

GRABADOS EN LINOLEUM, por  
XAIME PRADA. Edición NÓS.  
A Cruña, 1927.

A Editorial NÓS acaba de publicar un novo libro cuio título enceta estas liñas. Dazaoito grabados en linoleum do gran dibuxante galego Xaime Prada ben conosci- do pol-a súa colaboración na prensa gráfica galega.

Dibuxos de rexa e boa traza de asuntos variados e intresantes que acreditan firmemente ao seu autor. Cada dibuxo leva unha glosa d'un distinto escritor galego nos que cada un enfocou o asunto do dibuxo dende un punto de vista intresante e axeitado facendo aumentar a valía do libro co'as verbas que figuran ao pé dos grabados.

Son éstos os títulos de cada dibuxo co nome do escritor que os glosou:

Pobo, Manuel Banet Fontela; Castiñeiro, Antón Vilar Ponte; Cruceiro, Eladio Rodríguez González; Fogo, Víctor Casas; Medo, Vicente Risco; Trono, Florentino L. Cuevillas; O gaiteiro de hoxe, Francisco Abelaira; O cego, Filgueira Valverde; O fidalgo de onte, Salvador Cabeza de León; O enlaga- doiro, Primitivo R. Sanjurjo; A tasca, Otero Pedrayo; Fiadeiro, Correa Calderón; Peirao romántico, Ramón Villar Ponte; Mariñeiros, Magariños Negreira; Mar calma, Gonzalo López Abente; Por'alí se foi papai, Manoel Valcarce; A volta do emigrado, Plácido R. Castro; O derradeiro viaxe, Roberto Blanco Torres.

Como se ollará polo que antecede, o libro tanto pol-os dibuxos como pol-as firmas que n'el figuran ten un intrés enorme que fai asegurar que será un dos libros galegos que mais axiña terase esgotado. Ademais e como un motivo para que o dito resulte certo, o prezo do libro é o de 2'50 pesetas que como se vé non pode ser mais barato. O xeito mais doado para facer adequerir n'as xentes o intrés pol-a merca e lectura dos libros ga-

legos que agora continuamente andan a se publicar.

Do xeito do libro de Prada somentes hai hasta agora dous publicados, este e «Cousas» de Castelao. Resultan libros de ameni- dade e intrés grande cuia imprentación com- pre intensificar.

Xaime Prada tén de conquistar un bón éxito e unha grande sona con iste libro que o mesmo pol-a parte artística que pol-a litera- ria, ben compenetradas entrambas, resulta un libro interesante e de valimento por riba da opinión de calqueira crítico improvisado e ridiculamente fachendoso.

Prada e NÓS merescen unha querendosa embora pol-a publicación, e pol-o xeito en que o fixeron, do libro cuia lectura recomen- damos sinceramente.

ORACIÓS CAMPESIÑAS, por  
ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A prensa galega falou xa da aparición d'este libro de poesías do gabado poeta ga- lego e actual Presidente da Academia, don Eladio Rodríguez González. O nome de don Eladio é d'abondo para facer despertar no público un xustificado intrés por cono- cer as suas producións. A sua historia na lite- ratura galega faille aparecer como unha das mais destacadas e relevantes figuras. «Oraciós campesiñas» deleitanos co-as de- rradeiras producións do poeta. Oitenta e unha poesías onde corren parellas a fácil e sonora versificación, os motivos sinxelos e preciosos con un sabor a meles traídas do agro galego onde está de cote inspirada a obra fundamente enxebre de D. Eladio. En todo o que hasta agora conosciámos de don Eladio ollamos sempre o xeito maravilloso de como él sabe poetizar a vida xenerosa e sinxela da vida rural galega e ese é tamén agora o motivo que inspira o contido de «Oraciós campesiñas». Pol-o dito pódese de- ducir que «Oraciós campesiñas» é un d'eses libros que hai que ter decote na man pois a

súa amenidade e galanura recrea e tonifica o espírito. «Oraciós campesiñas» fai un libro de 250 páxinas, cuia edición leva dúas portadas. Unha de Castelao e a outra de Abelenda, as dúas famosas de veras destacando a de Castelao que é algo sorprendente e maravilloso, o mesmo pol-o asunto que pol-a interpretación. Constitúe un verdadeiro éxito para o querido e xenial dibuxante.

O análisis a voa pruma que deixamos feito deixa facilmente deducir que «Oraciós campesiñas» é un dos milllores e mais intresantes libros galegos publicadós deica o d'agora e que vén a honrar e dar exprendor á nosa renascente literatura na que ocupará sempre asinalado e preferente posto.

Agradecemos fundamente o exemprar que nos adica o seu autor a quen compre felicitar entusiásticamente pol-a publicación da obra que terá de acadar o éxito grande que xustamente meresece.

GRAFÍA GALEGA, Fuco G. GÓMEZ,  
Habana.

**D**A capital da Illa de Cuba mandounos Fuco G. Gómez un libro seu que acaba de publicar e que leva o nome de «Grafía Gallega». Quer ser un método práctico para aprender a falar e escribir o noso idioma correctamente con profesor e sin él.

Esto proba un nobre e plausibel tencionamento no autor da citada obra. Fuco G. Gómez é un dos conterráneos nosos que na Habana sinte de xeito mais fondo a idea galeguista, pol-a que salaia a cotío e á que lle adica os seus ma's rexos esforzos.

Aparte o mérito que poida ter «Grafía Gallega», o desexo que moveu a Fuco G. Gómez a publicala, abonda xa para que, unha vegada mais, teñamos o noso bô irmán

da Illa de Cuba como paisano exemprar e dino das meirandes loubanzas.

Ao lle dar a embora pol-a publicación do seu libro, testimoñamoslle o noso afeuto sinceiro e a nosa devoción cordial.

EL EBRO, Revista Aragonésista.

Temos recibido un novo número da revista aragonésista que se publica en Barcelona e que se chama «El Ebro».

Como de costume contén traballos moi interesantes. Un sobre temas de Goya, de J. Calvo Alfaro. Poesías de Silvio Kossti. Cousas de Economía Aragonesa, recollida de documentos do século XV. Seición de bibliografía. E un laio de protesta porque moitas vegadas se lle renden honores a Sabela a Católica, esquencendo o seu home Don Fernando.

FUCHICADAS, por PEDRO BORREIRO.

A Editorial de «El Tea» publicou un libríño que leva aquel rubro e que contén un prólogo de Amado Garra. O mesmo o prólogo que o resto do pequeno volume de referencia están escritos en galego. Amado Garra, presidente do Ateneo de Vigo e abogado culto e demócrata, demostra coñecer ben o noso idioma. Ten condicións d'abondo para cultivalo con bô éisito.

Pol-o que respeuta a Pedro Borreiro, temos que dicire que os traballos que integran o seu libro, proban tres cousas: que posé un vivo sentimento de cidadanía, que é un socarrón de pura raza e que coñece ben os xiros da lingua materna. En temas menos localistas e de maior enxundia, arelamos, pois, velo traballare.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.